

Comunicado nº252/18
17 de decembro de 2018

☐ **BECAS PROMOCIÓN KARTING (BPK19):**

Reunida a Comisión Galega de karting co departamento económico da “Federación Galega de Automobilismo”, e co Presidente da Federación acordan propoñer para a tempada 2019 a “BPK19” que consiste en que a **F.G.de.A merque dez unidades do kart Parolin Baby**, para facelos correr na “4ª Rookies Cup-Galicia”, a fillos, sobriños, ou familiares de deportistas ou de directivos de escuderías de Galicia.

Antes do comezo da tempada, e previa presentación de solicitudes na web www.fga.es a Comisión Galega de Karting designará os dez becados, facendo un reparto proporcionado por habitantes e provincias, **(que terán que aportar o número de licencia expedida pola F.G.de A. para a tempada 2019 na folla de inscrición)**.

A oferta consiste en participar nas seis probas do Campionato de Galicia “4ª Rookies Cup-Galicia” nun kart propiedade da F.G.de A., tendo que abonar soamente a inscrición e a asistencia (pack 50€ + 100€) a entidade “One Seven”,

Os tres primeiros clasificados finais, si son becados e clasifícanse 1º, 2º, ou 3º da xeral da categoría “4ª Rookies Cup-Galicia”, a F.G.de A. daralle en propiedade o kart no que participaron durante toda a tempada. O resto de participantes a F.G.de A. ofrécelle mercalo kart a un prezo de 1.000€ mais I.V.E. ao final da tempada.

A escaleira promocional que propón a Comisión Galega de Karting e facela “4º Rookies Cup-Galicia” con becados na tempada 2019, e no 2020 facelo mesmo na categoría Alevín, na tempada 2021 volver a Rookies e na tempada 2022 a Alevín..., e así levar da man a **Base do Automobilismo de Galicia** que tan bos froitos está a dar nas últimas tempadas nas diferentes Fórmulas de Promoción e Campionatos de España de Automobilismo.

Para vela folla de inscrición pincha enriba

